

CALENDARIO ELECTORAL CONSELLO ESCOLAR

A TÓDOLOS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 abril (DOG do 29) e demais disposicións vixentes da Consellería de Educación, ábrese un novo proceso electoral para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, órgano colexiado de participación e goberno do Centro, con representación dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa (pais/nais, profesorado, persoal de administración e servizos, Concello e ANPA)

A organización e supervisión deste proceso electoral está a cargo da Xunta Electoral, presidida polo Director e integrada por unha nai, unha profesora, e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos por sorteo público realizado o día 29 de outubro de 2014.

Nestas eleccións corresponde renovar **tres representantes do profesorado, tres representantes dos pais/nais**.

Na elección correspondente ao sector de pais/nais só se poderá votar **un máximo de dous candidatos ou candidatas** dos que figuren na papeleta de votación. Terán dereito a voto tanto o pai como a nai do alumno/a, ou de ser o caso o seu titor legal.

O Calendario Electoral, do que se achega un resumo, está exposto no taboleiro de anuncios do Centro.

O colexio ofreceralles toda a información que demanden e porá a disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación escrita á Xunta Electoral a efectos de coordinación.

RESUME DO CALENDARIO ELECTORAL

- **Exposición pública dos censos:** día 4/11/2014
- **Reclamacións** ata as 14 horas do día 11/11/2014
- **Prazo de presentación de candidaturas:** desde o día 10/11/2014 ata as 14 horas do día 17/11/2014
- **Proclamación de candidatos:** día 18/11/2014.
- **Reclamacións** os días 19 e 20 de novembro de 2014
- **Votacións:** día 25 de novembro de 2014.
- **Proclamación de candidatos electos** día 26 de novembro de 2014

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar como órgano colexiado de control e goberno do Centro, non quixera rematar sen convidalos a que presenten a súa candidatura ou ben voten a que mellor lles pareza entre as presentadas.

Un cordial saúdo,

Chapela, 4 de novembro de 2014.

A dirección do centro



Calendario Electoral

Aprobado pola Xunta Electoral na súa reunión do catro de novembro de 2014.-

Día 4 de novembro de 2014

- **Publicación dos Censos** (no taboleiro exterior do centro) Poderanse presentar reclamacións na Secretaría, dirixidas á Xunta Electoral, ata o día 11 de novembro ás 14 horas.
- **Presentación candidaturas** sectores (Mestres, e pais/nais), iníciase o 10 de novembro e remata ás 14 horas do día 17 de novembro. Os modelos de candidaturas poden recollese na Secretaría.

Día 18 de novembro de 2014

- Reunión Claustro ás 16:00 horas:
 - Lectura normas das eleccións e candidaturas presentadas.
 - Fixar data Claustro extraordinario para as eleccións do sector de Profesores.

Día 18 de novembro de 2014

- Reunión da Xunta Electoral (ás 9:00 horas) para:
 - Resolver as reclamacións ó Censo.
 - Proclamación pública de candidaturas presentadas.
 - Abrir prazo reclamación á proclamación das candidaturas (Días 19 e 20 de novembro)

Día 21 de novembro de 2014

- Reunión da Xunta Electoral ás 9:00 horas (se hai reclamacións á proclamación de candidaturas)

Día 25 de novembro de 2014

- VOTACIÓNS:
 - Pais/nais: De 8:45 a 9:45.- De 13:30 a 14:15.- De 16 a 18
 - Mestres: Claustro extraordinario ás 16:00 horas

Día 26 de novembro de 2014

- Reunión da Xunta Electoral ás 9 horas para:
 - Supervisar as actas das mesas electorais e resolver as reclamacións.
 - Proclamar candidatos electos.
 - Enviar actas á Xefatura Territorial e comunicación do prazo de reclamacións.

Día 2 de decembro de 2014

- Constitución do novo Consello Escolar, ás 19:00.

Nota: Os membros integrantes da Xunta Electoral, das Mesas Electorais e os electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 76.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (DOG do 13 de xuño), polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.